



**CULLEREDO  
CONCELLO**

**Conservatorio Profesional de Música**

**Programación  
DIDÁCTICA  
MÚSICA DE CÁMARA  
Conservatorio Profesional de  
Música de Culleredo**

Conservatorio Profesional de Música  
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30  
15670 O BURGO-CULLEREDO  
Tfno. 981.667798  
e-mail: [conservatorio@culleredo.es](mailto:conservatorio@culleredo.es)  
[www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)

**ÍNDICE:**

INTRODUCCIÓN COVID 19.....	3
INTRODUCCION E FUNDAMENTACION DA MATERIA .....	4
Obxectivos Xerais .....	5
Obxectivos específicos para o quinto curso.....	5
Obxectivos teóricos.....	6
Contidos.....	6
Criterios de avaliación .....	7
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	7
Recursos. ....	8
Metodoloxía.....	9
Principios metodolóxicos da Programación Didáctica .....	10
Mínimos esixibles para aprobar o curso.....	10
Actividades culturais.....	11
Actividades de recuperación.....	11
Probas de acceso .....	12
Probas de xuño e setembro.....	13
Procedemento de acceso ao currículo de alumnado con necesidades específicas.....	13
Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da programación.....	13
Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	14
ANEXOS .....	15

## INTRODUCCIÓN COVID 19

Para este curso 2020-2021 esta Programación contemplará o disposto nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, que establecen medidas específicas excepcionais derivadas da situación de crise sanitaria producida polo virus COVID-19. Atendendo o disposto no punto 1 das Instrucións citadas anteriormente durante a primeira semana do curso escolar levarase a cabo unha avaliación inicial. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

*Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.*

*Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.*

*Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.*

De igual xeito, no punto 4 establécense os seguintes criterios para a elaboración das Programacións Didácticas:

*4.1 Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.*

Debemos facer mención a que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Música de Cámara cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva xa que se impartiron todos os aprendizaxes imprescindibles.

*4.2 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.*

De igual xeito que no punto anterior os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Música de Cámara cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva da Avaliación inicial sen detectar carencias no alumnado.

*4.3 Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.*

Non é necesario facer unha incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do presente curso escolar xa que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Música de Cámara se cumpriron na súa totalidade no curso 2019-20 por parte do alumnado.

*4.4 Constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.*

En relación con este apartado debemos facer mención a dous escenarios. Unha situación de semi-presencialidade na que se combinen a normalidade adaptada e a non presencialidade e un escenario no que a actividade lectiva se leve a cabo dun xeito non presencial.

**Obxectivos:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Obxectivos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

**Contidos:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Contidos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

**Enfoque metodolóxico:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Enfoques metodolóxicos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

**Recursos didácticos:** en relación con este apartado facer mención a que para acadar os Obxectivos, implementar os Contidos e poñer en funcionamento os Procesos metodolóxicos, se recorrerán agora dun xeito moi relevante á utilización das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación substituindo estas parte dos recursos empregados na docencia presencial.

Poderán ser utilizados, si é o caso de forma profusa a dixitalización de partituras para a súa remisión ao alumnado, gravacións de audio e a comunicación co alumnado por medio da utilización das aplicacións de mensaxería instantánea ou vídeo chamadas a través de distintos dispositivos ademais do correo electrónico.

De especial relevancia terán as comunicacións levadas a cabo a través de vídeo conferencia xa que estas substitúen á clase presencial. De igual xeito a remisión de arquivos con contidos musicais en forma de gravacións efectuadas polo propio alumnado. Isto permite implementar un procedemento que suple a ausencia de presencialidade entre intérpretes.

**Criterios de avaliación e mínimos exixibles:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da Materia que figuran na súa Programación didáctica nin dos mínimos exixibles.

**Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe:** en canto aos Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, manteranse os principios básicos contemplados na Programación didáctica da materia, pero no caso de ter que implementar esta modalidade non presencial, veranse modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións o análise preciso da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade non sexa posible, o alumnado interpretará preferiblemente por medio de vídeo conferencia unha das voces dunha partitura ou partituras de Música de Cámara solicitadas polo docente. Para levalo a cabo, poderase partir dunha gravación así como dunha partitura que en todo caso será remitida previamente polo docente.

Moi importante será indicar, que ningún dos apartados expostos anteriormente sufrirá cambios significativos, sempre e cando se poida dispoñer dos recursos materiais e dixitais necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Por outra banda, prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tal e como se viña realizando, e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

#### *4.5 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións.*

Como xa se expresou anteriormente en relación cos Obxectivos, nesta modalidade non suporá cambios significativos, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC

En canto á modalidade presencial, levarase a cabo adaptada ás circunstancias de seguridade ditadas polas autoridades sanitarias e educativas e sen cambios significativos en canto a Obxectivos, Contidos e Avaliación con respecto a un curso convencional.

Terase en conta o establecido nas INSTRUCCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, as INSTRUCCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G N° 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, normativa que vese concretada no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 PARA O CURSO 20/21 no CMUS Profesional de música de Culleredo, que se elabora seguindo as instrucións da Conselleira de Educación, e que se complementa coa Guía curso 2020-21 Conservatorio Profesional de Música de Culleredo elaborada polo propio Centro

## **INTRODUCCION E FUNDAMENTACION DA MATERIA**

A práctica da música de cámara durante o periodo de estudos correspondente ao grado medio de ensino responde a un conxunto de necesidades educativas do alumnado de música que dificilmente poden ser atendidas se non é a través desta disciplina.

A actividade camerística supón o vehículo fundamental para integrar e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais cuxo aprendizaxe a través dos estudos instrumentales (incluyase a voz sempre que fagamos referencia a este término) e teóricos, precisa unha síntese ulterior a través da práctica interpretativa.

A práctica da música de cámara cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en todos os seus aspectos. O repertorio camerístico constitúe o medio idóneo para que o alumno desenvolva o sentido da afinación, que ás veces se resiste a ser ensinado ou transmitido exclusivamente por métodos racionais e que require unha longa praxe musical, preferiblemente en conxunto.

Así mesmo, o exercicio da música de cámara estimula a capacidade, imprescindible para todo músico, para escoitar aos outros instrumentos mentres se toca o propio e para desenvolver o sentido de "sonoridad do conxunto".

A interacción entre diversos intérpretes contribúe igualmente ao desenvolvemento da sensibilidade en materia de dinámica, fraseo, ritmo e vibrato:

- en canto á dinámica, por esixir unha sensibilización con respecto á audición de planos sonoros e á percepción do papel desempeñado, en función da textura musical, por cada un dos intérpretes (de solista, acompañante, contrapuntística, armónica, etc.);

- en canto ao fraseo porque desenvolve o sentido do diálogo e a mimesis musical;

- en canto ao ritmo, porque a música de conxunto esixe por si mesma unha precisión e compenetración rítmica que faga posible a simultaneidad e o axuste entre os diversos instrumentos, á vez que propicia o desenvolvemento da géstica e da comunicación entre os instrumentistas (entradas, definición do tempo, rubato e outras modificacións do tempo, cortes finais, respiracións, etc.);

- en canto ao vibrato, no sentido de que a práctica camerística obriga a homogeneizar e simultanear o período, velocidade e amplitude producido por cada compoñente do grupo ao emitilo.

A música de cámara obriga aos músicos que a practican a desenvolver determinados hábitos de autodisciplina e método extremadamente beneficiosos, talles como a homogeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco nos instrumentos de corda ou das respiracións nos de vento, canto, etc., á vez que permite o contraste do instrumento propio con outros de diferente natureza.

Desde un punto de vista artístico, a práctica camerística é imprescindible para a maduración musical no terreo da expresividade e a emotividade, posto que supón un medio para que a capacidade afectiva do futuro músico aflore na súa interpretación, feito que debe ser propiciado canto antes.

Á súa vez, o intercambio e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta non só sumamente educativa, senón tamén estimulante para un intérprete en periodo de formación, xa que colabora no desenvolvemento da capacidade analítica e fomenta o que a interpretación responda a unha idea musical e transcenda o nivel de mera lectura.

Así mesmo, a práctica e o coñecemento do repertorio de cámara supoñen un paso decisivo no coñecemento da literatura musical e a súa evolución estilística a través dos diferentes períodos da historia da música.

En suma, o cultivo da música de cámara resulta absolutamente complementario na formación interpretativa, pois permite poñer en práctica os coñecementos adquiridos noutras disciplinas en condicións ideais de espontaneidade e distensión.

### **Obxectivos Xerais**

O ensino da Música de Cámara no grado medio terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.

b) Aplicar, en todo momento, a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.

c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que a súa emisión realícese en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.

d) Coñecer e realizar os xestos necesarios que permitan a interpretación coordinada sen director, observando unha saudable e correcta posición corporal, e no seu caso escénica, para manter un boa comunicación entre os participantes e os posibles oíntes.

***Obxectivos específicos para o quinto curso***

Desenvolver as capacidades cognitivas, afectivas e psicomotoras correspondentes para lograr:

Obxectivos na interpretación musical respecto ao equilibrio sonoro (timbre, intensidade e afinación)

Utilizar unha ampla gama sonora en función dos demais instrumentos e das necesidades interpretativas da obra.

Insistir na constante afinación do grupo. Perfeccionar o nivelado dos planos sonoros. Obxectivos na interpretación musical respecto de a capacidade auditiva.

Seguir perfeccionando a capacidade de audición polifónica en beneficio dunha boa interpretación.

Obxectivos na interpretación musical respecto da unificación expresiva da obra. Conseguir un fraseo correcto baseado nunha análise musical detallado.

Profundar nos conceptos estéticos e expresivos de cada obra a través do estudo do contexto histórico, cultural e persoal do autor.

Perfilar a visión estética individual e conseguir comunicala para chegar á unidade interpretativa do grupo.

***Obxectivos teóricos.***

Afondar nas características de cada instrumento e o seu funcionalidad na música de cámara.

Continuar co percorrido histórico-evolutivo da música de cámara ata os nosos días. Estudar formal, estilística e

históricamente novas obras a dúo, tríos, cuartetos, quintetos, sextetos, etc...

***Obxectivos específicos para o sexto curso***

Desenvolver as capacidades cognitivas, afectivas e psicomotoras correspondentes para lograr:

Obxectivos na interpretación musical respecto ao equilibrio sonoro (timbre, intensidade e afinación)

Utilizar unha ampla gama sonora en función dos demais instrumentos e das necesidades interpretativas da obra.

Insistir na constante afinación do grupo. Perfeccionar o nivelado dos planos sonoros. Obxectivos na interpretación musical respecto de a capacidade auditiva.

Seguir mellorando a capacidade de audición polifónica en beneficio dunha boa interpretación.

Obxectivos na interpretación musical respecto da unificación expresiva da obra. Conseguir un fraseo correcto baseado nunha análise musical detallado.

Profundar nos conceptos estéticos e expresivos de cada obra a través do estudo do contexto histórico, cultural e persoal do autor.

Perfilar a visión estética individual e conseguir comunicala para chegar á unidade interpretativa do grupo.

**Obxectivos teóricos**

Afondar nas características de cada instrumento e o seu funcionalidad na música de cámara.

Continuar co percorrido histórico-evolutivo da música de cámara.

Estudar formal, estilística e historicamente novas obras a dúo, tríos, cuartetos, quintetos, sextetos, etc....

**Contidos**

quinto curso

O vibrato, afinación, articulación, ritmo e fraseo. Estudo e práctica da agógica e dinámica das obras.

Equilibrio sonoro e de planos. Análise e interpretación das obras do repertorio que inclúan diferentes estilos.

Conxunto de instrumentos monódicos. Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques de arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.

Quinteto de vento: igualdade nos ataques, aticulación, fraseo, etc. Respiración, afinación e vibrato. Conxunto de metais.

Práctica camerística en formacións diversas. Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas. Equilibrio de cordas, vento. Voz: respiración, fiato, afinación, articulación, fraseo, isorritmia, etc.

Estudo de obras de cámara con clave ou instrumento polifónico obrigado. Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamiento dun ou varios solistas.

Audiciones comparadas de diversos intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

sexto curso

O vibrato como elemento expresivo, afinación, articulación, ritmo e fraseo. Continuar co estudo e práctica da agógica e dinámica das obras.

Equilibrio sonoro e de planos. Análise e interpretación das obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.

Conxunto de instrumentos monódicos. Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques de arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo. Quinteto de vento: igualdade nos ataques, aticulación, fraseo, etc. Respiración, afinación e vibrato. Conxunto de metais.

Práctica camerística en formacións diversas. Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas. Equilibrio de cordas, vento. Voz: respiración, fiato, afinación, articulación, fraseo, isorritmia, etc.

Estudo de obras de cámara con clave ou instrumentos polifónicos.

Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamiento dun ou varios solistas.

Audiciones comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

**Criterios de avaliación**

Os seguintes puntos entenderanse como un proceso de avaliación continua para determinalos resultados últimos obtidos (eval.final).

a) Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.

b) Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.

Mediante este criterio preténdese verificar que o alumno ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

c) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

Este criterio pretende constatar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grado de fluidez e comprensión da obra.

d) Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado.

Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido de responsabilidade de alumno como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.

e) Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas.

Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada.

f) Interpretación pública dunha obra contemporánea con formación instrumental heterogénea.

Mediante este criterio preténdese comprobar o grado de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e grafías, así como o equilibrio sonoro dentro dun conxunto de instrumentos de morfologías diversas e pouco habituais.

### **Procedementos e Instrumentos de avaliación.**

Realizar un mínimo de dous audiciones anuais demostrando seguridade en se mesmo e realizando un discurso musical coherente.

Interpretar un mínimo de dúas obras de diferentes estilos en cada curso. A programación do número de obras que hai que interpretar en cada curso é variable, dependendo da dificultade e extensión das mesmas, así como do curso que se trate.

Nota: nun mesmo grupo de cámara poderase dar o caso que un alumno supere a asignatura e o outro alumno non poida superala porque non cheguei aos obxectivos marcados.

### **Recursos Didácticos**

Obras dos periodos barroco, clásico, romántico, moderno e contemporáneo que o profesor determinará en relación ás capacidades instrumentales do alumno.

No anexo ao presente programa inclúese unha relación de obras que, aínda que obviamente resulta incompleta, tanto polo inabarcable repertorio existente como polo elevado número de agrupacións diferentes, pode servir de referencia ao alumno que, asesorado polo profesor/a de a asignatura, determinará as máis oportunas en cada curso.

### **Enfoque metodolóxico**

Tendo en conta os obxectivos e para cumprilos satisfactoriamente, propoñeranse exercicios para o desenvolvemento das capacidades rítmicas, sonoras e interpretativas do grupo.



Para lograr a unidade global e coordinación do grupo traballarase desde a preparación e a disposición persoal.

Traballaranse os seguintes puntos sobre repertorio das distintas épocas:

Análise formal e estilístico.

Análise tímbrico e expresivo.

Análise armónico e contrapuntístico. Análise melódico e rítmico. Morfología do crecemento.

Relacións temáticas e episódicas. Análise das diferentes texturas musicais.

Realizar audiciones das obras antes e logo de ser analizadas se é posible en distintas versións e grabaciones para profundar en contidos non só teóricos senón tamén referentes á interpretación e á expresión.

A alternancia das distintas actividades: análise, audiciones, interpretación, consultas bibliográficas, etc. é clave para o logro dunhas clases amenas e dinámicas, así como unha distribución do tempo óptima e racional.

### **Principios metodolóxicos da Programación Didáctica**

Os principios metodolóxicos que se recollen con carácter xeral nesta programación, serán aplicados en función de diversas variables como son: os obxectivos e contidos didácticos abordados en cada unidade, o tipo de actividade didáctica que se propicia, o tipo de alumno co que se aplicarán, adaptándose sempre ás súas necesidades específicas, etc. A continuación coméntanse brevemente os principios metodolóxicos máis relevantes que se terán en conta no desenvolvemento da actividade docente. No momento de aplicar estas liñas metodolóxicas, teranse en conta os criterios para a atención á diversidade, xa que cada alumno vai necesitar unha orientación adecuada ás súas características.

Partir dos coñecementos previos

O ensino ten que partir da realidade dos alumnos, dos seus coñecementos previos e o seu desenvolvemento evolutivo, segundo as etapas de maduración mental nas que se atopan. Disto depende o que non existan disfuncións nos procesos de ensino aprendizaxe. Non é o profesor, coa súa propia metodoloxía, senón o alumno o que se sitúa no centro do programa educativo. É en función das súas necesidades e capacidades que se organiza todo o proceso de ensino aprendizaxe. O modelo da tabula rasa aristotélico, segundo o cal o alumno carece de coñecementos e experiencia previos e que é misión do profesor o inculcárrellos, deu paso aos sistemas baseados na aprendizaxe significativa e progresivo. O control deste nivel previo do alumno debe partir dunha avaliación inicial. Pero é necesario facer un seguimento continuo destinado a determinar aqueles contidos que non foron consolidados, ou o fixeron incorrectamente. Deste xeito poderemos decidir que aspectos formativos debemos modificar ou reforzar.

Favorecer a motivación do alumno

O reforzo da motivación considérase fundamental para obter o máximo nivel de implicación do alumno na súa aprendizaxe. A motivación é capaz de explicar cara a

onde diriximos as nosas accións e a enerxía coa que nos empregamos na realización dunha actividade. Desexar facer algo, fai posible a súa aprendizaxe. Ao mesmo tempo, se logramos que a aprendizaxe resulte placenteiro, tamén redundará na eficacia desta aprendizaxe.

Aínda que moitos dos factores que afectan ao grado de motivación dos alumnos son alleos á nosa capacidade de influencia, existen moitos outros de tipo intrínseco sobre os que si podemos intervir. Algúns dos factores que debemos ter en conta para desenvolver a motivación no alumno son:

a. Establecer metas que se correspondan coas capacidades reais do alumno, aínda que con suficiente grado de novidade/dificultade como para estimular a súa curiosidade.

b. As explicacións verbais han de transmitir con claridade o que queremos obter. Hai que descartar o

uso de tópicos baleiros, xa que o alumno debe de ter abofé que é o que esperamos que realice.

- c. Estimular o reto da autosuperación, orientando a motivación cara a factores internos (orientada ao logro dun fin musical) antes que externos (premios, prestixio, éxito, etc.).
- d. Desenvolver o pracer do proceso práctico da música
- e. Ofrecer frecuentemente información achega do que o alumno realiza, utilizando reforzos positivos e negativos en función de cada situación.
- f. escoitar, ofrecendo exemplos e modelos do que se pretende obter.
- g. Axudar ao alumno a desenvolver imaxes estéticas.

Estimular a actitude analítica para a comprensión global da obra musical.

A capacidade cognitiva do alumno de 3º, 4º de grado Profesional permítelle o recoñecemento e análise por separado de cada un dos elementos básicos do fenómeno musical: sonoridade, harmonía, ritmo, etc. Desde este momento é necesario orientar o estudo desde unha actitude analítica, tratando de relacionar os diversos exercicios co fenómeno musical que encerran, de acordo ao estilo que representan.

#### A actividade

Un método activo caracterízase pola formulación inicial que as cousas ensínanse facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que, debido ao talante da materia, poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e interpretativas. Xa que logo, e considerando a idade do alumnado, partiremos dos contidos procedimentais, incidindo nas actitudes, con vistas a que comprendan os conceptos impartidos.

#### A unidade de teoría e practica

A súa tradicional separación non facilita a fixación do aprendido no proceso de ensino-aprendizaxe. Para mesturar a práctica e a teoría a través da actividade, é necesario un principio de intervención educativa baseado na investigación persoal, por parte da docencia, e dos discentes de forma individual e grupal. No proceso de aprendizaxe, o alumnado deberá expresar as súas propias ideas, opinións e valoracións no marco dunha formulación analítico que obrigue a unha síntese e un debate aberto sobre elas, con vistas ao desenvolvemento da súa capacidade reflexiva, o sentido crítico e a capacidade analítica.

#### A interdisciplinabilidade

A relación con outras materias é máis que destacada, o cal dota á programación dun enfoque amplo, aproveitando os numerosos puntos de contacto co currículo das outras asignaturas.

#### A globalización

O ensino da música de cámara é progresiva e os seus coñecementos acumulativos, polo que dalgunha forma todos interrelaciónanse entre si. Os contidos e a organización das unidades didácticas foron elaboradas buscando a continuidade de cada unha delas sobre as anteriores. Esta visión globalizadora facilitará a súa aprendizaxe e maior aproveitamento.

#### O contorno socio cultural

Tendo en conta os recursos didácticos que poida ofrecer, talles como centros académicos (academias, conservatorios, escolas de música), agrupacións (bandas, orquestras, coros, rondallas, agrupacións de música tradicional e popular...), emisoras de radio e televisión, prensa, salas de concertos, etc.

**Mínimos esixibles para aprobar o curso**

Para obter unha cualificación positiva en cada un dos cursos dos que consta o Grao Profesional o Departamento establece os seguintes requisitos mínimos:

- Completar o programa establecido para o curso académico.
- Interpretar con corrección as obras presentadas dende o punto de vista técnico

**INCLUINDO:**

- a) unha correcta dixitación e velocidade.
- b) Desenrolo de dinámicas e agónicas correctas. c) Unha boa articulación e calidade no son.

- Interpretar con corrección as obras presentadas dende o punto de vista musical

**INCLUINDO:**

- a) Un estilo adecuado a obra.
- b) Un fraseo e métrica correctos. c) A ornamentación axeitada.

**Actividades culturais e de promoción das ensinanzas programadas**

Se promoverá:

A asistencia a concertos, recitales, e actuacións relacionadas coa música de cámara en xeral.

A participación en grupos camerísticos dentro e fora do Centro.

A asistencia a bibliotecas para coñecer o repertorio e bibliografía dispoñible así como todo tipo de documentos históricos relacionados coa especialidade.

A participación en actuacións públicas dentro e fora do Conservatorio.

**Actividades de recuperación.**

A asignatura basease nunha avaliación continua dos coñecementos dos alumnos polo que durante o curso iranse recuperando os obxetivos non acadados durante o curso na asistencia os ensaios da agrupación

**Criterios de Cualificación**

Para iso realizaranse, como xa quedou indicado anteriormente, aos alumnos que na terceira avaliación non superen o 5, un exame que comprenderá unha proba referida a cada un dos aspectos referidos nos criterio de avaliación.

**Plans de traballo para recuperación de materias pendentes.**

para a recuperación de materias pendentes seguirase o referido no apartado de actividades de recuperación

**Temporalización**

Debido a que a asignatura de cámara traballa tódolos contidos referidos na programación, haberá que prestar especial atención á dita temporalización para poder ir introducindo neles gradualmente o nivel óptimo de dificultade según os alumnos.

**Cráterios e instrumentos de seguimento da programación**

O seguimento da programación irase comprobando na consecución de obxetivos nas obras a interpretar polas agrupacións.

**PROBAS DE ACCESO A GRAO PROFESIONAL**

Probas acceso Música de cámara

Probas de Acceso a 5º e 6º de Grao Profesional:

En todas as especialidades as probas consistirá na interpretación, co instrumento da especialidade a que se opte, de UNHA obra de libre elección. Esta obra será escollida do repertorio de Música de cámara do instrumento o que se opte, e deberá correr por conta do examinando o acompañamento necesario para a súa interpretación.

Nas Probas de Acceso de 5º a 6º G.P., nas probas Instrumentais, como mínimo, unha das obras que presenta, deberá ter unha formación, de a lo menos, dúas persoas e a súa duración será superior a 5 minutos (os/as aspirantes deberán consultar as programacións das probas de acceso das demais materias do curso ao que desexa realizar a proba).

Seguindo as instrucións da Orde do 28 de xullo de 2008, publicada no D.O.G. do 18 de agosto de 2008 no seu capítulo III, artigo no 9, a lei di: "(...) No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/da aspirante á praza (...)

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co/a profesor/a ou co departamento de Conxunto, para se axeitaren ao nivel real do curso; de non terse consultado, o/a profesor/a da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia. Os membros da/s formación/s de conxunto coa/s que o examinando presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. Nin o/a alumno/a, nin o conservatorio teñen a obriga de proporcionar os medios humanos para o conxunto co que se realizará a devandita proba, tal como o indica a Lei.

Cráterios de calificación

Cráterios Técnicos (Técnica, traballo, hixiene postural...) 50 %

Cráterios Estéticos (Interpretación, son, resultado musical...) 50%

Contidos.

1.A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.

2.Agóxico e dinámico.

3.Posta en práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.

4.Equilibrio sonoro de planos.

5.Control permanente da afinación.

6.Desenvolvemento da igualdade de ataques.

7. Correcta interpretación de obras do repertorio.
8. Práctica de conxunto da agrupación correspondente.

#### Criterios de avaliación

. Interpretar obras do repertorio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e do equilibrio sonoro entre as partes

2. Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio, preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar os seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.

3. Executar con correcta afinación, articulacións, fraseo, matices... as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.

4. Interpretar obra/s do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

#### Proba de acceso especialidade de Guitarra

Tamén, para o acceso a **Quinto e Sexto curso de Grao Profesional** na especialidade de Guitarra, será preciso realizar unha proba da materia de Música de Cámara, que consistirá na interpretación de unha obra, a elección do/da interesada, para grupo de cámara de dous ou mais instrumentos (dúo, trío, cuarteto de guitarras, agrupacións mixtas, etc.).

A/O interesado deberá **aportar os/as acompañantes** que necesite para a interpretación desta obra.

A proba de Música de Cámara realizarase no mesmo momento que a proba de Guitarra.

#### **PROBAS DE XUÑO E SETEMBRO.**

A proba extraordinaria consistirá na realización dun exame no que o alumno deberá demostrar a correcta realización dos contidos establecidos para cada curso.

O alumno/a deberá presentar dúas ou tres obras de diferentes estilos e épocas, que requiran un grupo mínimo de acompañamento de dous integrantes, dito acompañamento será aportado polo alumno.

O tribunal escoitará total ou parcialmente o programa presentado polo alumno. Valorándose o nivel técnico-camerístico e o interese estilístico do repertorio presentado polo alumno/a.

O alumno/a deberá interpretar as obras demostrando unidade de criterio interpretativo, con axuste rítmico, corrección na articulación, agónica, dinámica, fraseo, equilibrio dos diferentes planos sonoros, adaptación ó conxunto e con estilo e actitude apropiada.

Para a proba de acceso só serán válidas obras e transcripciones do repertorio camerístico. Así mesmo, as obras que o alumno/a presente para a proba deberán estar publicadas.

O alumno/a poderá escollelas obras a interpretar na proba de acceso das listas de obras orientativas do **anexo (programación de M. Cámara)**. Tamén poderá interpretar as obras que él/ela considere oportunas, debendo ser éstas de igual ou similar

#### **PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS**

Para alumnado con necesidades específicas especiais, o centro está dota de accesos especiais e un ascensor interior con acceso a todos os espazos do centro.

Aqueles alumnos con necesidades especiais en materia cognitiva, será responsabilidade do departamento reunirse e establecer as posibilidades dunha adaptación curricular dependendo do caso, pero sempre respetando os obxectivos fixados pola lexislación.

#### **PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA PROGRAMACIÓN**

Os membros do departamento levarán a cabo nas súas reunións un seguimento de tódalas agrupacións do centro, a súa evolución, e valoraranse ao longo do curso posibles melloras na programación en función da praxis da mesma, do profesorado e do alumnado.

#### **PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

En función dos resultados ao longo do curso, os concertos e o progreso dos alumnos, tódolos membros do departamento establecerán as opinións e melloras que consideren oportunas.

A realización de enquisas entre o alumnado pode axudar ós membros do departamento a revisar e establecer melloras na programación.

## ANEXOS

**LISTA DE OBRAS ORIENTATIVAS MÚSICA DE CÁMARA (PIANO)****2º ciclo de Grado Medio:**

Piano a 4 mans

Haydn, F. J.: II maestro i lo escolare. (Urtextj Henle- Verlag Munic

Bramhs, J.: Valses op.39

Camp M: Bassic Jazz.Piano a 4 manos Vol 1 y 2

Mozart, W. A.: Sonatas K 19b, K381 (123a), K 358 (186c), K497 , K521.K357 (497a): Fuga 401 (375e); Andante con variaciones, K 501. (Urtext).

**Piano a 4 manos:**

- Dvorak. A.: Danzas eslavas op. 46. Shott.Maguncia
- Diabelli. A.: Sonatas para Piano a 4 Mans op.32, 36, 37.Lemoine.París
- Debussy, C.: Petite suite. (Urtext)

## ANEXO

**LISTA DE OBRAS ORIENTATIVAS MÚSICA DE CÁMARA (GUITARRA)**

DÚO DE GUITARRAS:

Drei leichte Dúos op.55 Fernando Sor  
English suite nº2 J. W. Duarte  
Dúos I. De Laporta

DÚO GUIT./FLAUTA:

Sonata Fám F. XV, 4 A. Vivaldi  
Suite H. Purcell  
Petite Suite Médiévale F. P. Demillac

DÚO GUIT./VIOLINO: Sonata Mi m A.

Corelli The King of Denmark's Galliard J.  
Dowland

TRIO DE GUITARRAS: Trio op. 12 F

Gragnani Trio op. 71 M. Giuliani

QUARTETO GUIT: Tango I.

Albéniz

Quarteto op. 15 Fernando Sor

Contrastes J. Zenamon

GUIT./FLAUTA: Entr'acte J. Ibert

Grand Dúo Concertant op 85 M. Giuliani Histoire du Tango (1º e  
2º and.) A. Piazzolla Sonata em La m G. F. Händel

GUIT./VIOLINO:

Dúos (varios) F. Carulli

Sonata op.3 nº5 N. Paganini Sonata Re M C. G.  
Scheidler

TRIO G/FLA/VIO:

Trio op. 13 F. Gragnani

Trio op. 9 nº 1 F. Carulli

QUINTETO (G/CORDA):

Concertó em Re M (Pujol) A. Vivaldi

Quinteto para guitarra e corda (2º andamento) L. Brouwer

**ANEXO**



**RELACIÓN ORIENTATIVA DE OBRAS CON VIOLÍN, PARA MÚSICA DE CÁMARA.**

- Obras... Sarasate.
  - Obras originales y transcripciones. Kreisler.
  - Sonatas y Conciertos de autores barrocos: "Las Estaciones" y Conciertos de Vivaldi, (incluido el de dos violines) de Bach.
  - "Sonatas". W. A. Mozart.
  - "Romanzas". L V. Beethoven.
  - Conciertos de dificultad adecuada: obras de Nardini, Haydn, Mozart, Viotti, Rodé, Sphor, Kreutzer...
  - Sonatas y Sonatinas clásicas y románticas d dificultad adecuada: Schubert, Dvorak,..
  - "Sonatina" (Rev Gertler). B. Bartók.
  - "Meditación" (de" Thais"). Massenet.
  - "Romanza" .Svendsen.
  - "Las Estaciones" y Conciertos de Vivaldi
  - "Romanzas". L V. Beethoven.
  - Conciertos de dificultad adecuada: obras de Nardini, Haydn, Mozart, Viotti, Rodé, Sphor, Kreutzer...
  - Sonatas Hasta Brahms y otras de dificultad similar y adecuada al curso.
  - "Danzas Rumanas". B. Bartók.
- 
- Obras... Sarasate.
  - Obras y transcripciones. Kreisler.
  - Obras. Wieniawski.
  - "Canciones Populares Españolas". M. de Falla.
  - "Tema y Variaciones". O. Messiaen.
  - "Perpetuum Mobile". Novacek.
  - "Poema". E. Chausson.
  - "Tzigane". M. Ravel.
  - "Introducción y Rondo Caprichoso". C. Saint-Saens.
  - "Vidui", "Simchas Torah", "Nigun". E. Bloch.
  - Conciertos de dificultad adecuada: obras de Haydn, Mozart, Viotti, Rodé, Sphor, Kreutzer, Bruch, Lalo, Saint-Saens, Beethoven, Mendelsohn, Glazounov, Khachaturian,...
  - Sonatas hasta los contemporáneos..
  - Obras originales y transcripciones de F. KREISLER.
  - "Canciones populares españolas " de M. de FALLA.
  - Obras de H. WIENIAWSKI.
  - "Tzigane " de M. Ravel.
  - "Introducción y Rondó caprichoso" de C. SAINT-SAENS.

- Sonatas hasta los contemporáneos.
- Obras de P. SARASATE.

#### Cuartetos de cuerda para quinto curso:

**Beethoven** Prelude and Fugue in F *Nagel/Baerenreiter*

**Boccherini** String Quartet in D minor, Op.10 no.2 from Boccherini Quartets *Peters*

**Mozart** String Quartet in C, K.157 from Mozart 13 Early Quartets, Book 1 *Baerenreiter*

**Purcell** Fantasia a 4 in G, Z.742 from Purcell Fantasias and In Nomines

*Novello/Music Sales*

**C. Stamitz** Quartetto Concertante in G *Schott/M.D.S*

#### Cuartetos de cuerda para o sexto curso:

**Beethoven** String Quartet in D, Op.18 no.3 from Beethoven Quartets, Vol.1 *Peters*

**Borodin** String Quartet no.2 in D *Belaieff/Peters*

**Dvorak** String Quartet in F 'The American', Op.96 *Simrock/Schauer*

**Haydn** String Quartet in D, Hob.III/34 *Doblinger-Kalmus/M.D.S*

**Schubert** String Quartet in A minor, Op.29 no.1, D.804 from Schubert Quartets, Vol.1 *Peters*

#### ANEXO

#### RELACIÓN DE OBRAS ORIENTATIVAS CON VIOLA PARA MÚSICA DE CÁMARA

- Cambini, G.: *6 konzertante Duos für zwei violen*. Amadeus.
- Corrette, M.: *Zwei Sonaten*. Schott VAB 39
- Bach, W.F.: *Dúos para dos violas*. Breitkopf.
- Vivaldi, A.: *Sonata en mi menor\* RV40*. IMC.
- Corrette, M.: *Sonata en Sib para viola y continuo\**. Amadeus.
- Telemann, G.P.: *Sonata B für Viola und basso continuo\**. Schott.
- Marino, C.: *Sonata D für viola und continuo\**. Doblinger
- Flackton, W.: *Sonatas para viola y continuo\**: C, c, G. Schott, Doblinger.
- Kalliwoda, J.W.: *6 Nocturnes\* Op186*. Peters.
- Sitt, H.: *Album leaves\**. Peters.
- Hummel, B.: *Sonatina\*Nr. 1*. Simrock.
- Ferguson, H.: *4 kleine stücke\*, Op 6*. Boosey.
- Bach, J.S.: *Suite ° 1 para violoncello, transcrita para viola*. Chester Music.
